

Música Galega sobre Poemas Galegos para o Día das Letras Galegas

10 e 24 de maio de 2009, 20:00 horas
Auditorio do Conservatorio Profesional de Música
da Coruña



Concello da Coruña

Concellaría de Mocidade, Solidariedade e
Normalización Lingüística



ASOCIACION GALEGA DE COMPOSITORES

10 de maio de 2009, 20:00 horas
Auditorio do
Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Alba López, soprano
María José Ladra, mezzosoprano
Ramón Carnota, guitarra
Javier Vázquez Grela, piano

1ª PARTE

Miña nai, miña velliña

Texto: Manoel Cambeiro
Música: Carlos Cambeiro Alís

Pontedeume, un cantar que chove

Texto: Ramiro Fonte
Música: Miguel Brotóns

*Irmaus **

Texto: Celso Emilio Ferreiro
Música: Xoán Antón Vázquez Casas

*Cantarei **

Texto e Música: Xoán Antón Vázquez Casas

*Cantiga **

Texto: Macías “o Namorado”
Música: Julio Montero

*Tres cantigas sabias para dúas voces e guitarra **

1. *Esta é como Santa María avêo as dúas combooças que se querían mal*
2. *Como El Rey Don Affonso de Castela adoeceu en Bitoria e poseronlle o Livro de Santa María e sanou*
3. *O pergureir'astrosso, a vella pobre e a súa ovella falante*

Texto: Afonso X “O sabio”
Música: Juan Pérez Berná sobre textos e melodías das CSM 68, 209 e 147

2ª PARTE

*O beixo, Op. 81, nº 2 **

Texto: Miguel Anxo Fernán Vello.
Música: Paulino Pereiro

Corazón bolboreta

Texto: Ramón Cabanillas
Música: Juan Durán

Un repoludo Gaiteiro

Texto: Rosalía de Castro
Música: Juan Durán

Cantiga nº 2 de Cantiga Finisterrae

Texto: Miguel Anxo Fernán Vello.
Música: Juan Durán

*Os soños na gaiola **

Texto: Manuel María
Música: Margarita Viso

*** Estreas absolutas**

24 de maio de 2009, 20:00 horas
Auditorio do
Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Grupo Vocal e instrumental, *Sine Nomine*
dir. Fernando López Briones

Cuarteto Iacobus (Ernesto Riobó e
Pablo Gesto, violíns, Mario Diz, viola e
Mabel Carro, violonchelo).

1ª PARTE

Dorme, meu Meninho

Texto tradicional de Natal
Música: Joam Trilho

*O verme i a estrela **

Texto: José María Díaz Castro
Música: Joam Trilho

*Alborada **

Texto: Curros Enríquez
Música: Joam Trilho

*No fío na noite amoroos, Op. 101 **

Cantos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI, XII, XIII, XIV, XV, XVI, XVII, XVIII

Texto e Música: Paulino Pereiro

*Neve, Op. 105 **

Texto e Música: Paulino Pereiro

2ª PARTE

*Galegadas **

1. *Comería a túa alma **

Texto: Estíbaliz Espinosa
Música: Manuel Alejandro

2. *Cociño a todas horas **

Texto: María do Cebreiro
Música: Mnauel Alejandro

*O cántico da fonte, op. 11 **

Texto: Cesáreo Sánchez Igelsias
Música: Paulino Pereiro

*Cantiga de amigo, op. 69 **

Texto: Mendinho
Música: Paulino Pereiro

* Estreas absolutas

TEXTOS DAS CANCIÓNS

MIÑA NAI, MIÑA VELLIÑA

Manoel Cambeiro

Miña velliña , miña nai,
miña nai , miña velliña,
te fuches na mañanciña ,
axiña de morrer meu pai .

Foi para ti tan penoso
sentirte sin él , ¡ soiliña ¡
que naquela mañanciña ,
te fuches tras do esposo .

Meirande foi voso amor ,
tan afervoadado e tan puro ,
que fatiga nin apuro
mermaron no seu calor .

Sóilo Deus sabe que dór
tivéche'o sentir a ausencia ,
daquel que , coa sua presenza ,
garimábache de amor .

Murcháste-te coma fror ,
cando foi por Deus chamado ;
cos séus pecados perdoado ,
presentóuse ante o Señor .

Certo sei , ¡ miña xoiña ¡
qu'estás co Noso Señor ,
en premio do voso amor ,
¡ desd'aquela mañanciña ¡

CANTAR QUE CHOVE

Ramiro Fonte

“Pontedeume”

Se fecho os ollos, oio
Chover en Pontedeume

Se conto os pasos, lenta
Mente percorro aquelas rúas,
As sombras abrigosas que me
Agardan.

E está chovendo, chove
Sobre o mundo,

Sobre o xardín mollado da tristeza,
Como chove mansiño na lembranza,

E ese triscar da choiva nos tellados,
E nas laxes das rúas,
É o ruído que quero na mañá.

Se abro os ollos, xa sei
Que delampou.

IRMAUS (de *Longa noite de pedra*)

Celso E. Ferreiro

Camiñan ao meu rente
moitos homes.
Sonme estranos.
Pero ti,
que tealcontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas,
coma un irmáu che falo.

Si é túa a miña noite,
si choran os meus ollos o teu pranto,
si os nosos berros son igoales,
coma un irmáo che falo.

Anque as nosas palabras sexan distintas,
e ti negro i eu branco,
si temos semellantes as feridas,
coma un irmáo che falo.

Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos soños son igoales,
coma un irmáo che falo.

Común temos a patria,
común a loita ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmáo,
coma un irmáo che falo.

CANTAREI

X. A. Vázquez Casas

Cantarei,
cantarei en língua crara,
por un vento de xusticia.

Soñarei,
soñarei cantando forte,
contra a fame e máis as guerras.

Loitarei,
loitarei coas mans valeiras,
por un mundo máis sensíbel.

Brindarei,
brindarei coa boa xente,
pola nova humanidade.

Cantarei,
sempre soñarei,
e loitarei, e bridarei,
contigo sempre,
nesta fermosa nai terra.

CANTIGA

Macías “o Namorado”
(1340-1370)

Probei de buscar mesura
u mesura non falesce
e por mingoada ventura
houbéronmelo a sandece.

Por ende, direi des í
con cuidado que me crece
un trebello e dis así:

Anda meu corazón
mui triste, e con rasón.

TRES CANTIGAS SABIAS PARA DÚAS VOCES E GUITARRA

Afonso X “O Sabio” (1221-1284)

1. Esta é como Santa Maria avêo as dúas
combooças que se querían mal.
(CSM 68)

*A Groriosa grandes faz
Miragres por dar a nos paz.*

E dest’un miragre direi
Fremoso que escrit’achei
Que fez a Madre do gran Rei,
en que toda mesura jaz,

Pola moller dun mercador
Que, porque seu marid’amor
Avia con outra, sabor
Dele perdía e solaz.

E por esto quería mal
A ssa combooça mortal;
[...]
E dormindo viu en vijon
Santa María con grand’az

D’angeos que ll[e] diss’assi:
“A ta oraçon ben oý;
Mas pero non convén a mi
Fazer, crueza, nen me praz.”

Tan tost’aquela s’espertou
E foi-ss’; e na rua topou
Cona outra, que sse deitou
Ant’ela e disse: “Malvaz

Demo foi, chus negro ca pez,
Que m’este torto fazer fez
Contra vos; mas ja outra vez
Nono farei, pois vos despraz

Assi a Virgen avíir
Fez estas dúas, sen falir,
Que x’ant’avian, sen mentir,
Denteira come con agraz.

*A Groriosa grandes faz
Miragres por dar a nos paz.*

2. Como El Rey Don Affonso de Castela adoeceu
en Bitoria e poseronlle o Livro de Santa María e
sanou.
(CSM 209)

*Muito faz grand’erro, e en torto jaz,
A Deus quen lle nega o ben que lle faz.*

[...]

E como non devo aver gran sabor
En loar os feitos d’aquesta Sennor
Que me val nas coitas e tolle door
E faz-m’outras mercees muitas assaz?

Poren vos direi o que passou per mi,
Jazend en Bitoria enfermo assi
Que todos ciudaven que morress’ali
E no atendian de mi bon solaz.

Ca hua door me fillou y atal
Que eu ben ciudava que era mortal,
E braadava: “Santa Maria, val,
E por ta vertud’aqueste mal desfaz.”

E os físicos mandavan-me pôer
Panos caentes, mas nono quix facer,
Mas mandei o Livro dela aduzer;
E poseron-mio, e logo jouv’en paz,

Que non braadei nen senti nulla ren
Da door, mas senti-me logo mui ben;
E dei ende graças a ela poren,
Ca tennoben que de meu mal lle despraz.

[...]

E pois viron a mercee que me fez
Esta Virgen santa, Sennor de gran prez,
Ioárona muito todos dessa vez,
Cada uu pôendo en terra sa faz.

*Muito faz grand’erro, e en torto jaz,
A Deus quen lle nega o ben que lle faz.*

3. O pergureir’astroso, a vella pobre e a súa ovella
falante
(CSM 147)

*A Madre do que a bestia / de Balaam falar fez
Ar fez pois hũa ovella / ela falar hũa vez.*

Esto fez Santa Maria
Por hũa pobre moller
Que a de grado servia
Com quen ben servir quer;
E porend’ela un dia
Valeu-ll’ú lle foi mester
E mostru ý seu miragre, / que vos non foi mui rafez.

Aquesta moller mesq[u]ya

De quanto pod'achegar
Comprou húa ovellina
E foy-a dar a guardar
A un pergureir'agya;
E pois ao trosquiar

Foi en demandar a lãa / pola vender por seu prez.

Mais o pergureir'astroso
A ovella ascondeu
E come cobiiçoso
Diss': "O lobo a comeu."
A vella por mentiroso
O tev'end', e lle creceu

Tal coita por sa oevlla / que tornou tal come pez.

E disse: "Ay, Groriosa,
A mia ovella me dá,
ca tu end'es poderosa
de o fazer." E dalá
du jazia a astrossa
ovella diss': "Ey-m' acá."

E assi Santa Maria /aquest'engano desfez.

[...]

*A Madre do que a bestia / de Balaam falar fez
Ar fez pois húa ovella / ela falar húa vez.*

O BEIXO

(de *Poemas da lenta nudez*)

Poema sobre uns versos de Carles Riba.

Miguel Anxo Fernán Vello

A Basilio Losada

Como un beixo nevado na memoria
outro beixo na luz fóra do tempo
e os amantes sen rostro, fascinados,
caen no pozo máis branco
bebendo a lentitude do instante.

Aí o centro da seiva que regresa a outro centro,
unha estrela ondulada que toca a flor do lábio,
húmida arxila azul que se fai transparente
no interior dese beixo,
fonte pura e sonámbula que treme
no fervor e no soño da carne.

E ese beixo que se adentra no beixo
até deter no fondo o alento dunha brasa,
alarma constelada de dozura e de sedas,
abismo pronunciado no silencio brillante
da suave mordedura, boca espiral, fragmento
dun desmaio que deposita o sangue
na memoria feliz
ou na luz extasiada do olvido.

CORAZÓN BOLBORETA

(de *No desterro*)

Ramón Cabanillas

Corazón-volvoreta que voas
sobre as rosas do vello xardín,

é de balde que subas e baixes:
¡non podes fuxir!

Si roubando cores ás rosas
unha nena mirache pasar,
fai de conta que viche-lo lume
que te ha de queimar.

UN REPOLUDO GAITEIRO

(de *Cantares Galegos*)

Rosalía de Castro

Un repoludo gaitero
de pano sedán vestido,
como un príncipe cumprido,
cariñoso e falangueiro,
antre os mozos o primeiro
e nas siudades sin par,
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:

- *Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*

Sempre pola vila entraba
con aquel de señorío,
sempre con poxante brío
co tambor se acompasaba, e
si na gaita sopraba
era tan doce soprar
que ben fixera en cantar
aló pola mañanciña:
- *Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*

Todas por el reloucaban,
todas por el se morrían;
si o tiñan cerca, sorrían;
si o tiñan lonxe, choraban.
¡Mal pecado! Non coidaban
que co aquel seu frolear
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:
- *Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*

Camiño de romería,
debaixo de unha figueira,
¡canta neniña solteira
- "Quérote", lle repetía...!
Y el coa gaita respondía
por a todas emboucar,
pois ben fixera en cantar
aló pola mañanciña:
- *Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*

Elas louquiñas bailaban
e pra xunto del corrían
cegas... cegas que non vían
as espiñas que as cercaban
probes palomas, buscaban

a luz que as iba queimar,
pois que el soupera cantar
aló pola mañanciña:
*- Ao son da miña gaiña
ás nenas hei de enganar.*

¡Nas festas, canto contento!
¡Canta risa nas fiadas!
Todas, todas, namoradas,
déránlle o seu pensamento.
Y el que, de amores sedento,
quixo a todas enganar,
cando as veu dimpois chorar,
cantaba nas mañanciñas:
*- Non sean elas toliñas
non veñan ao meu tocar.*

CANTIGA Nº 2
DE CANTIGA FINISTERRAE
Miguel Anxo Fernán Vello.

Aquí estamos, no límite increado do mundo,
na pulsación das horas, no sopro do destino,
imantados a un himno de poderosa urdime:

o mar e a multitude da súa alta harmonía,
a espiral que transmigra a flor da liberdade,
as terras que proclaman o dominio da luz.

Cando vibra no corpo a emoción demorada
das paisaxes do norte, cando se instala alba
nos ollos que adiviñan a duración do incendio

debuxado no sangue, sabemos que hai un astro
entre a sede e o fogo, a floración do centro
que conmove o espazo, a cúpula dun clima

de mercurio insaciado, a latitude ardente
dunha maré que ascende no devalar do ceo.

OS SOÑOS NA GAIOLA
Manuel María

1. CARACOL

Caracol, col, col;
caracol, caracoleiro:
¡pos os teus cornos ó sol
xa que es tan frioleiro!

Ó lombo léva-la casa,
caracol, caracoleiro;
¡e deixas cintas de seda
engalanando o carreiro!

Caracol, col, col;
caracol, caracoleiro:
¡pos os teus cornos ó sol
ó sol os teus cornos pon!

2. A LÚA

A señora Lúa
inda está solteira
¡A señora Lúa,
a Lúa lueira!

A Lúa lueira,
a señora Lúa;
¡ten gana de troula
e quere ir de rúa!

E quere ir de rúa,
de troula ir quería,
que sente morriña
e melancolía!

A señora Lúa,
a Lúa rueira,
como anda de noite,
sempre está tristeira.

Sempre con tristura
e melancolía
que anda pola noite
e dorme de día.

A señora Lúa
A lúa tristeira:
¡se non dá co Sol
quedará solteira!

3. O LOBO

Vén o señor Lobo
-¡que medo, neniño!-
polo monte abaixo
¡e asusta o camiño!

Trae lume nos ollos;
nos dentes coitelos
tan ben afiados
¡que dá medo velos!

¡Que dá medo velos;
arrepío ollalos...!
¡Vén o señor Lobo
con instintos malos!

Anda paseniño
con pasos calados.
Años e ovellas:
¿estarán gardados?

Vén o señor Lobo
con paso seguro:
¡a luz dos seus ollos
fura no escuro!

Escoitase lonxe,

perdido entre matos,
no fondo do monte,
oular de lobatos.

Chega o señor Lobo.
A súa ollada fría;
¡pon os pelos dereitos,
o sangue arrepiá...!

O sangue arrepiá,
o corazón xea:
¡está o señor Lobo
venteando a aldea!

4. O ARCO DA VELLA

O arco da vella
no ceo subido
co seu colorín,
co seu colorido.

O arco da vella
con sete cores
que teñen, no ceo,
beleza de flores.

O arco da vella
no ceo chantado
co seu colorín,
co seu colorado.

O arco da vella
é un arco triunfal
con sete guerreiros
que a ninguén fan mal.

O arco da vella
de luz feito é.
¡Resulta un milagro
que siga de pé!

5. SEÑOR GATO

Señor gato:
atención;
no rincón
hai un burato;
no burato
está o rato
caladiño,
acochadito,
sen falar
nen respirar.

-Señor Gato.
pon sentido,
que metido
no burato

está o rato.

-Señor Gato:
está o rato
no burato
do rincón:
¡ten nun puño
o corazón!

-Non dubido,
Señor Gato
bigotudo
que está o rato
no burato.
Ten as unllas
Afiadas,
cravuñadas,
preparadas:
bule axiña
que senón
Señor gato
bigotón,
¡do burato
foxe o rato!

6. ANDURIÑAS

Guiada da man dun soño
a Primavera chegou.
¡E tódalas anduriñas
no ceo azul convocou!

Todo é voar e voar
e andar aquí pra alá
¡Todo nun ir en un vir
dende aquí deica acolá!

¡Voan para riba, para baixo!
¡Van ó alto, van ó fondo!
¡Voan en liña seguida,
en picado e en redondo!

Anduriñas en concello,
sobre dun poste pousadas.
¡Que de palabras secretas
e razóns apaixonadas...!

DORME MEU MENINHO *Texto tradicional de natal*

Dorme, meu menino,
dorme, meu amor,
isto são beijinhos
que vêm do Senhor.

Os filhos dos homens,
em berço dourado;
e vós, meu menino,
em palhas deitado!

Já da paz o día
nos amanheceu,
já o sol divino,
pastores, nasceu.

Dorme, meu menino,
dome, meu amor,
isto são beijinhos
que vêm do Senhor.

O VERME I A ESTRELA (de *Nimbus*)
José María Díaz Castro

Esta sede infinita de pureza
ausoluta, esta sede de xustiza
que nos queima, esta sede de beleza...
baixo as alas de pedra da priguiza
i a paga do pecado en cada esquina
i a erbiña sobra fóia i a ruína...

Esta sede de lus, méntrelo vento
da morte zúa darredor das cousas
que están no noso corazón, cinzento
sopro que arrinca os días, queima as chousas
máis íntimas, e bárreas como a ágoa...!
A lus do mundo é a que arde nunha bágoa.

ALBORADA (de *Aires d'a miña terra*)
Curros Enríquez

Escoitade! De fondas queixas cheo
Brota d'a terra un misterioso canto;
Rayos de branca lus tinxen o ceo,
Rompe a mañá d'o celestial encanto.
D'a caixa de Pandora
Sobr'a patria deitada,
Que peste e mónstros gomitóu cad'hora,
Vay a Espranza surxir consoladora
Que quedaba n'o fondo acurrunchada...

¡Ouh, Libertá sagrada,
Alba de groria pr'o oprimido mundo,
D'os povos deseada
Que escravos viven en dolor profundo!
Esparéxe, querida,
D'escura noite as trévoas cenizentas,
De verdugos e déspotas garida,
E fuxan medoñentas,
Seguidas d'o seu lívido aparello,
Diante de ti as visións d'o mundo velho!

NO FÍO DA NOITE AMOROSOS

Paulino Pereira

I

O roce dos meus dedos na túa cara,
espiral distendida,
é o voo do paxaro
atravesando as nubes.

II

Nin o mundo reconcentrado en si mesmo
está á túa altura:
hai moito máis neses ollos,
que disparan envolvente penumbra.

III

A través da man inmóbil
expresas o movemento dos camiños:
o transcurso do tempo
que non pasa.

IV

A túa mirada abre a paisaxe.
Cando me observas non son eu;
son os montes e o mar
o que os teus ollos contemplan.

V

Dóeme o pensamento
de tanto pensar en ti.
Triste deslízase a serpe do tempo,
a se arrastrar polo meu cerebro.

VI

A túa presenza traga o universo.
Ningunha outra cousa podería
reclamar a túa atención.
A non ser estes versos.

VII

O teu corpo:
espiga dourada que cimbrea
levada aquí e acolá
polo vento dos meus ollos.

VIII

A poesía ten licencia
para destruír a gramática:
se digo "ámote en min"
é porque teño a certeza.

IX

Ámote nos recordos.
A túa presenza golpea o aire,
inventa un vento
que me quita as palabras.

X

A liña do horizonte soporta o navío.
Así termo eu do teu recordo:

dúas illas máis no infinito océano
de auga e de olvido.

XI

Caeu o outono das árbores abaixo.
As follas entrelázanse coma mans,
repetindo os mil movementos
das túas desanoando as miñas.

XII

Reconstrucción repetida do momento:
mans dadas como o peixe e o mar.
Os teus dedos, sombra dos meus.
Por detrás dos vidros a luz do mundo.

XIII

No exterior, vento frío,
cae a noite
como a tinta negra dos dedos
con que te escribo.

XIV

Á noite, derrubada na cama,
vexo pasar o desfile de patos
da atracción de feira:
disparo aos recordos, non acerto.

XV

A pontapés os días desprázanse os uns aos outros.
Onte, hoxe, mañá e pasado son
unha enorme nada que tragará o tempo:
nunca terán existido cando de novo te vexa.

XVI

Como a eterna nota aguda dun violín
que se sostén nas pingas de choiva
que brillan feroces contra a noite,
así, os teus labios cando os miro.

XVII

Transcorren os minutos,
que a choiva esmizuza;
o tempo cae do ceo
como a auga das nubes.

XVIII

Non se ve o sol asomando.
A claridade, a se arrastrar,
inunda os campeiros e o río
a cruzaren o umbral dos meus ollos.

NEVE

Paulino Pereiro

Cae a neve, clara, e triste,
en remuíños espirais de inertes falopas
como cae no pozo escuro dos meus ollos
a imaxe do teu rostro á espera.

De min esperas a palabra

que recupere para ti as estrelas,
o brillo momentáneo das faíscas dos teus ollos
a me miraren cargados de respostas mudas.

Triste e clara a neve cae
sobre a noite do teu pelo,
como o disparo a se adentrar no corzo,
que se despide amando o ceo.
Así, cando te teño,
caen as miñas mans,
tristes e claras,
a se despeñaren
sobre a túa noite de estrelas,
sobre o ceo dos teus cabelos.

GALEGADAS

1. Comería a túa alma

Estíbaliz Espinosa

Comería a túa alma coma quen come un ovo doce novo
perfecto microcosmos no seu óvalo de nacre.
Pinga d'ouro mandorla comería a túa alma sen casca a túa
alma sen culleres sen caducidade.
Eterno almorzo da nenez de aldea.
Sen saber e sen querer saber
as nigromancias da tersura qué escuro demo agocha nin
milagreiro sabor
sen chegar a adiviñar sequera qué foi antes: a túa alma ou
a galiña.

2. Cociño a todas horas

María do Cebreiro

Cociño a todas horas para precipitar os alimentos crus
nos abismos da pota. As galletas maría
(sutilmente esmagadas)
engordan (disque) a salsa de tomate.
Non dispoño de método pero exhumei un libro de receitas
que parece un compendio do universo.
Da natureza dixo galileo
que era un grande tecido (calceta, macramé)
e o papel de cebola serve para calcar os versos que
nos gustan.
Sempre a cebola tarda (tremede, lacrimais) en deshacerse,
por iso é o primeiro que se bota.
Nos queimadores, en cuestión de segundos,

o lume ocupa o lugar da indiferencia.

O CÁNTICO DA FONTE, OP. 11

Cesáreo Sánchez Iglesias

I

Amo o soño da palabra.
Pra min a auga e a fonte
a estrela e a fonte:
A auga vestida de pedra.

II

Auga perdida nos soportales.

Tanto silencio.
Tanta neve.
A lua.

III
A praza dórmese
pechada, muda e pedra.
A fonte está soia
e co eco da auga.
A nebra sobe
suorosa e branda.

IV
Auga cai
nebra xa e pouca.
O neno dorme
soñando non despertar.

V
Caladas as campás
falan os canos
o que é de seu.
As horas descálanse diante dos ollos do neno enfermo.
Quizais soña coa luz.

VI
Sin memoria, a vida dorme.
Neva.
A fonte está na noite
soñándonos.

VII
Ven, salta do soño á noite. Entra e fala. A luz vive menos. O
sol desordenado ferve.

VIII
A vida ha ser na pedra, sinxela e constante, e na auga que
molla á pedra.

IX
Quedou a praza feita noite. A fonte estenuada e triste.

E hoxe, canto tantas veces fun do día non estou e teño medo
e non quero entrar á noite.

X
A catedral dorme sobre as lousas. Presentindo a vida ollo á
morte e volvo a entendela.
Este corpo é un latexo de luas un ceo gris e unha vella
fonte.

CANTIGA DE AMIGO, OP. 96

Meendinho (Primeiro terzo do século XIII?)

Sedia-m' eu na ermida de San Simión
e cercaron-mi as ondas que grandes son.
Eu atendend' o meu amigu'! E verrá?

Estando na ermida ant' o altar,
(e) cercaron-mi as ondas grandes do mar.
Eu atendend' o meu amigu'! E verrá?

E cercaron-mi as ondas que grandes son:
non ei (i) barqueiro, nen remador.
Eu atendend' o meu amigu'! E verrá?

E cercaron-mi (as) ondas do alto mar:
non ei (i) barqueiro, nen sei remar.
Eu atendend' o meu amigu'! E verrá?

Non ei i barqueiro, nen remador:
morrerei (eu) fremosa no mar maior.
Eu atendend' o meu amigu'! E verrá?

Non ei (i) barqueiro, nen sei remar:
morrerei eu fremosa no alto mar.
Eu atendend' o meu amigu'! E verrá?